

REVENGE

[Coralie Fargeat, 2017]

429

ESTREA EN NUMAX: 24.08.2018 | V.O.S.E. | +18

Revenge (2017, 108')

Dirección: Coralie Fargeat

Guión: Coralie Fargeat

Elenco: Matilda Anna Ingrid Lutz, Kevin Janssens, Vincent Colombe, Guillaume Bouchède

Son: Zacharie Naciri

Montaxe: Jerome Eltabet, Coralie Fargeat, Bruno Safar

Vestuario: Elisabeth Bornuat

Dirección de arte: Amin Rharda

Música: Robin Coudert

Fotografía: Robrecht Heyvaert

Produtoras: M.E.S. Productions, Monkey Pack Films, Logical Pictures, Charades (Francia)

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés, inglés

FILMOGRAFÍA

Reality+, 2014 [curtametraxe]

Le télégramme, 2003 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Sitges 2017 (Mellor dirección)

SINOPSE

Tres homes casados e ricos reúnen-se para o seu xogo de caza anual no deserto. Un deles vén acompañado da súa amante, unha moza que esperta rapidamente o interese dos outros dous. As cousas complicáanse dramaticamente para ela... Dada por morta en medio da nada, o xogo de caza convértese nunha vinganza implacábel.

«Executado cun estilo rechamante, con humor visual astuto e unha sensibilidade feminista subversiva.»

David Rooney,
THE HOLLYWOOD REPORTER



Nota de intención da directora

Revenge é a historia da transformación dunha muller. De primeiras vemos unha Lolita moza, frívola e naïf convertida no obxecto de desexo duns homes que só a ven como reclamo sexual. Un obxecto que ten que satisfacer o SEU desexo. Mesmo se iso implica a morte. Porén, ela non morre fisicamente, o personaxe morre simbolicamente. Fisicamente ferida, esta boneca doce e inconsciente renacerá na forma dunha muller severa, inclemente e brutal. Unha muller á que ninguén volverá manipular nin abusar.

Ao empezo débil e superficial, o personaxe metamorforsea nunha muller forte que, no deseño da súa vinganza, será quen de coller as rendas da súa vida. Nun nivel diferente, tento simbolizar desleixo e a violencia coa que adoitan ser representadas as mulleres no cinema, adoito empregadas como obxecto sexual, espido e aldraxado. O filme xoga ao comezo con esta representación levado até o paroxismo para logo virar brutalmente e coller a senda oposta. O personaxe convértese daquela na figura forte do filme, unha superheroína que conduce os acontecementos.

A transformación é deliberadamente radical. Gustaríame que fose percibida como algo poderoso e impredecíbel. Un novo personaxe que retoña sobre o mesmo pé. Unha pel que muda e queda atrás. Artellado á volta do mito

de Fénix que renace das cinzas e controla o lume máis e máis con cada resurrección, Jen érguese transformada e posuída por unha nova forza. A violencia exercida contra ela serve de alimento para a nova encarnación.

A narración despoxada busca chegar luz á dimensión simbólica e iniciática do filme, poderosamente traballado na súa montaxe, cunha posta en escena que mergulla o espectador nun mundo cru, carnal, altamente sensorial, hostil e violento. Atopámonos, por tanto, nunha narración que foxe do realismo. Cinema de xénero en estado puro que xera unha atmosfera que ofrece múltiples sensacións, unha inmersión para os sentidos nun lugar situado entre a fantasmagoría e a realidade.

A música é a pedra angular da narración, con sons hipnóticos e repetitivos que recordan as composicións de John Carpenter, Etienne Jaumet ou Thomas Banglater. No tocante ás referencias filmicas, van desde *Corazón salvaje* (David Lynch, 1990) a *Drive* (Nicolas Winding Rfne, 2011), de *Under the Skin* (Jonathan Glazer, 2013) ao cinema de David Cronenberg. Cinema da carne no que violencia e soño coexisten e onde a forza do símbolo estoupa no sentido literal. Até o de agora, esta caste de cinema foi realizada clase exclusivamente por homes. *Revenge* é a miña visión como muller cineasta deste xénero.

Publicado en image.net

Subvertindo o machismo dominante

Por Marc Savlov

Revenge sitúase no ronsel do xénero de violación e vinganza representada no pasado en filmes como *Anxo de vinganza* (Abel Ferrara, 1981), *La última casa a la izquierda* (Wes Craven, 1972), *Irreversible* (Gaspar Noé, 2002) ou *La violencia del sexo* (Meir Zarzhi, 1978), mais tamén nun novo cinema francés que busca o extremo ao estilo de *Mártires* (Pascal Laugier, 2008) ou *Frontera(s)* (Xavier Gens, 2007). A diferenza aquí é que a guionista e directora é unha muller que manexa o sangue para subvertir o machismo dominante do xénero dándolle unha labazada a todos os seus tópicos. Atopámonos ante un filme no que un terrible acto de violencia desencadea un dos maiores derramamentos de sangue que teñamos visto desde algúns filmes de Cronenberg. O berro apaixonado e feminista de Fargeat sostén que o maior ou menor atractivo dunha muller non dá dereito a ningún home a devorala. Desta maneira a obxectualización de Jen na primeira parte do filme perpétrase tamén desde a perspectiva da cámara para desencadear con máis forza a súa resposta na segunda parte do filme. Finalmente, *Revenge* pódese ler como un manifesto de empoderamento feminista ou como un perturbador Gran Guñol bañado en sangue.

Publicado en www.austinchronicle.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Drive, Nicolas Winding Rfne. Buena Vista Home Entertainment [DVD]

Corazón salvaje, David Lynch. Universal [BluRay]

Under the Skin, Mica Levi. Milan Records [LP]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónete
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!